

HORIZONTES OCUPACIONAIS E CONDICIÓNS DE EMPREGO DOS TITULADOS DE FP2 EN GALICIA

ROBERTO HERRANZ GONZÁLEZ* / JOSÉ PÉREZ VILARIÑO*
JOSÉ ANTONIO DE PRADO DÍEZ**

*Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela
** Sociólogo e xerente de CIC Galicia, S.L.

Recibido: 4 novembro 1998

Aceptado: 14 decembro 1998

Resumo: O artigo presenta os resultados dunha investigación levada a cabo sobre os procesos de inserción na estrutura ocupacional entre os técnicos especialistas de formación profesional de segundo grao para o conxunto de Galicia, durante o período 1985-1993. Logo de caracterizar brevemente o mercado de traballo e a formación profesional en Galicia, preséntanse os principais resultados considerando o estudio da busca de emprego, o grao de empregabilidade e o paro, a rotación entre empregos, o lugar e a calidade dos postos de traballo e sublinhando as diversas formas de segmentación e de discontinuidade que se observan no espacio de mobilidade profesional.

Palabras clave: Inserción laboral / Xoves / Mercado de traballo / Formación profesional / Socioloxía económica / Paro / Traxectoria ocupacional / Educación.

OCCUPATIONAL HORIZONS AND EMPLOYMENT CONDITIONS IN GALICIA FOR THOSE QUALIFIED IN FP2

Summary: This paper shows the results of a research carried out on the insertion processes in the occupational structure among specialist technicians of vocational training of second degree for the whole of Galicia, for the period 1985-1993. After having briefly analysed labour market and professional training in Galicia, the main results are presented considering the study of the search for work, the level of employment and unemployment, work rotation, the place and the quality of jobs and underlying the different ways of segmentation and discontinuity observed in the space of professional mobility.

Keywords: Labour insertion / Young people / Labour market / Vocational training / Economic sociology / Unemployment / Occupational career / Education.

INTRODUCCIÓN

O artigo trata de dar conta das características dos procesos de inserción dos xoves de FPII de Galicia no mercado de traballo, durante o período 1985-1993¹.

Este proceso de inserción acontece nun momento, nun ciclo socioeconómico, no que tiveron lugar fondas transformacións de natureza estructural e institucional no mercado de traballo de España e de Galicia. As crecentes taxas de escolarización, a masiva incorporación das mulleres novas á educación e ó mercado de traballo, que axudan a configurar e a construí-la oferta de traballo, acompañanxe de

¹ Os datos baséanse no fundamental nun conxunto de investigacións promovidas pola Dirección Xeral de Formación Profesional da Xunta de Galicia e realizadas polos autores.

transformacións na natureza da estrutura ocupacional (Toharia *et al.*, 1998). En efecto, obsérvase un forte proceso crecente de terciarización e a posta en práctica de novas estratexias de organización das empresas e do traballo asociadas á introducción de novas tecnoloxías e a unha maior conciencia sobre as necesidades de formación na empresa.

España, e non só os espacios mellor dotados, comeza a definirse neste ámbito como unha sociedade crecentemente "credencialista" (Collins, 1989) aínda que se acompañe de inercias dunha vella cultura en trance de desaparición. De tal modo que hoxe dispón dunha poboación nova que lle permite ir configurando uns recursos humanos fundados non só sobre a experiencia senón tamén sobre unha formación escolar máis ampla e sólida².

Os problemas relativos ós procesos de transición da educación á vida activa, e a análise das traxectorias ocupacionais constitúen hoxe un campo de crecente interese na socioloxía española (Casal, 1996; Espejo, 1998), e un dos de maior tradición no terreo da socioloxía económica (García Blanco e Gutiérrez, 1996; Smelser e Swedberg, 1994).

O artigo organízase do seguinte modo. Na primeira parte recóllense algunas das características más xerais do mercado de traballo en Galicia. Na segunda damos conta da situación da formación profesional e do lugar que ocupou no contexto da sociedade e da economía. Na terceira, e logo dunha presentación breve da metodoloxía seguida, preséntanse os trazos más sobresalientes dos procesos de inserción no emprego e as características das traxectorias descritas a partir das investigacións realizadas.

ESTRUCTURA SOCIAL DO MERCADO DE TRABALLO

O estudio enmárcase no contexto da segunda metade dos oitenta e primeiros anos desta década, un momento no que se está producindo en Galicia un proceso acelerado de transformación na estrutura social do mercado de traballo e das relacións laborais. Este proceso, paralelo en moitos aspectos ó que está sucedendo en España, adquire en Galicia unhas características particulares que é necesario salientar.

Precisamente se un dos criterios que permiten caracterizar un sistema de emprego e unha estrutura ocupacional é a complexidade, outro é a forma en que se

² Oriol Homs, destacou como en 1985 comeza a producirse un importante cambio xeracional e unha renovación social e demográfica nas empresas cunhas características moi precisas. Entre 1975 e 1985 asistimos en España a un proceso de destrucción de case dous millóns de postos de traballo, que se acompaña —dinos— dun "esfuerzo de modernización en la organización del trabajo y las plantillas se envejecieron considerablemente. Fueron diez años de reorganización de los mercados internos en una situación quasi-cerrada" ... "Hay que recordar que la generación que en estos años fue expulsada de la producción es la misma que protagonizó el gran desarrollo industrial en los años sesenta" (Homs, 1991). Pero a partir de 1985, "cuando las empresas comienzan a recurrir al mercado de trabajo exterior se encuentran con una mano de obra completamente diferente a la que expulsaron en los años precedentes" (Homs, 1991, p. 120).

distribúen os individuos e os grupos entre os diversos roles ocupacionais. No caso de Galicia o grao de división social do traballo, en comparación cos espacios sociais más próximos, é máis simple e cun contido tecnolóxico máis pobre. Ademais, unha boa parte da poboación activa non se emprega a través do mercado de traballo en sentido estricto, é dicir non se ocupa en calidade de asalariado.

A imaxe das tendencias a longo prazo que nos ofrece a análise do mercado de traballo galego e os seus diversos indicadores só pode calificarse de grave. A grandes trazos, a pesar do progresivo avellentamento da poboación e da escasa vitalidade da poboación activa, a taxa de paro dende hai vinte anos non deixou de aumentar. Este crecemento está en parte ligado á forte caída da ocupación no sector primario e á incapacidade dos outros sectores para compensar esta caída, e servir de oportunidade alternativa de emprego. En efecto, a brusca caída da poboación ocupada no sector primario, que aínda mantén un peso moi elevado (20,4%, segundo a EPA, 1998) viuse só parcialmente compensada co crecemento da ocupación nos outros sectores.

Se durante os anos oitenta asistimos a un forte crecemento do sector servicios, e á consolidación dunha estrutura ocupacional en torno ás institucións dun estado de benestar e dunha Administración autonómica que cristalizan durante estes anos, na década dos noventa, e superada a crise dos primeiros anos, o ritmo de crecemento do emprego na industria é maior que nos servicios.

Durante o primeiro ciclo de crecemento (85-91), que constitúe o escenario dos nosos estudos sobre as traxectorias ocupacionais, as poucas ramas que crearon emprego no sector industrial son de baixo nivel tecnolóxico (confección, madeira...) (Herranz e Hoss, 1995) e utilizan pouca man de obra cualificada no terreo das cualificacións intermedias; e no que se refire ó resto das ramas pertencentes ó sector servicios atopamos unha situación polarizada entre aqueles sectores que esixen pouca cualificación como o comercio e a hostalería, que son intensivos en man de obra, e aqueles que requiren non só cualificacións superiores senón tamén un soporte adecuado de cualificacións medias como os da banca, a administración pública, a sanidade, os servicios sociais e a educación.

A análise do paro pon de manifesto a súa natureza fundamentalmente xuvenil e sobre todo feminina. A situación do paro xuvenil que irá crecendo ata o ano 1986, reducirase durante o período de crecemento dos oitenta para incrementarse drásticamente durante a crise de principios dos noventa. A taxa de paro da muller nova ofrece un comportamento moi rechamante non só porque é máis elevada ca no caso dos mozos varóns senón porque ademais durante os últimos anos presenta unha tendencia á alza (táboa 1). Se ó paro lle engadímos la natureza temporal das relacións de traballo podemos representármolo grao de incerteza de boa parte dos xoves que participan no mercado de traballo.

É precisamente neste ciclo socioeconómico de 1985 a 1993 onde se sitúa a información sobre as traxectorias descritas polos nosos xoves especialistas de FPII. Neste escenario interesa considera-las características da inserción nun momento

no que se incorporan xeracións con máis anos de estudio trala súas costas, pero que atopan dificultades para inserirse nun traballo cando menos afín ós seus estudos, que están sometidas a formas de contratación temporal e moitos deles coñecen curtas experiencias de emprego seguidas de situacións más ou menos longas de paro.

Táboa 1.- Taxas de paro por xénero e grupos de idade. Galicia


	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996
<i>Homes</i>											
De 16 a 19 anos	33,9	29,8	22,0	18,1	16,2	17,0	27,1	34,1	37,2	33,0	33,0
De 20 a 24 anos	36,2	27,5	25,2	19,7	22,7	22,5	27,9	32,3	37,3	27,3	33,4
De 25 a 54 anos	11,5	9,9	9,6	9,2	9,4	9,2	11,9	14,9	15,4	13,3	13,3
De 55 e máis anos	5,7	5,1	5,5	5,6	5,5	4,1	6,9	6,9	8,7	8,6	8,0
Total	14,4	12,0	10,9	9,9	10,3	10,0	13,3	16,0	17,0	14,4	15,2
<i>Mulleres</i>											
De 16 a 19 anos	38,9	35,5	33,6	37,4	32,6	34,0	45,0	45,0	46,9	42,6	51,8
De 20 a 24 anos	38,7	39,0	36,5	35,7	35,2	36,3	39,8	44,3	46,8	45,8	46,4
De 25 a 54 anos	9,2	10,9	13,3	15,1	14,7	15,4	20,1	22,1	23,7	22,1	23,5
De 55 e máis anos	1,2	0,8	1,1	1,5	1,4	1,7	3,2	2,9	2,7	3,2	4,2
Total	12,2	12,9	14,1	15,2	14,5	15,6	20,0	21,0	22,7	22,0	23,4
<i>Ámbulos dous xéneros</i>											
De 16 a 19 anos	35,8	32,0	27,5	26,2	23,0	24,3	34,7	38,0	40,7	37,1	40,3
De 20 a 24 anos	37,2	32,2	30,1	26,6	27,8	28,2	33,0	37,3	41,7	35,8	39,0
De 25 a 54 anos	10,7	10,3	11,0	11,4	11,4	11,6	15,2	17,8	18,7	16,9	17,4
De 55 e máis anos	3,6	3,1	3,4	3,7	3,6	3,1	5,3	5,0	6,0	6,2	6,3
Total	13,5	12,4	12,3	12,1	12,0	12,2	16,0	18,0	19,4	17,6	18,6

FONTE: INE: *Encuesta de población activa.*

EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL EN GALICIA

Unha das características más sobresalientes da estructura social e do mercado de traballo de Galicia en comparación con outras áreas de España e de Europa son precisamente os baixos niveis educativos do conxunto da poboación. Estes baixos niveis de educación expresan, á vez que contribúen e contribuíron, ó relativo atraso económico e industrial de Galicia en relación co conxunto de España.

Esta situación viuse alterada durante os últimos vinte anos coa xeneralización da educación entre os sectores máis novos, o incremento das taxas de escolarización para idades más maduras e o seu acceso a niveis cada vez máis altos de educación. Pero a pesar das importantes inxeccións en educación que tiveron lugar durante estas dúas últimas décadas, a historia pesa. De acordo cos datos do *Censo de población de 1991*, un 28,6% podía aínda cualificarse dentro da categoría de "analfabetos e sen estudos", e un 30,2% con estudos de primeiro grao e iso a pesar de que, en comparación coa década anterior, a situación mellorara sensiblemente presentando xa un perfil diferente cun maior peso dos estudos tanto de segundo grao como universitarios (gráfica 1).

Gráfica 1.- Poboación de 10 e máis anos que non cursa estudos segundo estudios realizados

Este proceso de crecente escolarización, facilitado por unha maior oferta pública de educación e por un cambio nas preferencias e valores das familias, ligado á mellora do nivel de vida e a complexos procesos de emulación social, acompañáñase dunhas crecientes taxas de paro que alcanzan cifras moi elevadas; dun modo moi particular entre aqueles que carecen de moita experiencia no mercado de traballo. Unha das consecuencias que se vén apuntando é que a situación de paro e as novas condicións baixo as que se compite no mercado de traballo estimulan á súa vez a demanda educativa como estratexia para protexerse mellor no contexto dunha situación altamente competitiva. Sen dúbida se consume máis educación, pero á vez invístese nela como medio de protexerse e distinguirse. E dun modo más pronunciado, as mulleres.

A pesar dos cambios tan importantes producidos na educación seguen manténdose algunas constantes características da peculiar configuración do sistema educativo español. Entre elas, a debilidade da formación profesional e, en xeral, a escasa orientación técnico-profesional dos estudos.

O peso dos titulados de formación profesional de segundo grao no conxunto dos xoves estudiantes é reducidísimo. O que dá conta do modo que se configurou o mercado de traballo (táboa 2).

Táboa 2.- Peso relativo da matrícula de FP (1 e 2) e da Universidade

Curso	FP (1 e 2)	Universidade	FP/Universidade
1971-72	35.153	31.709	1,11
1985-86	43.398	40.857	1,06
1990-91	55.296	56.433	0,97
1995-96	61.936	91.559	0,68

O crecemento da poboación que cursou FP2 desde 1971 ata datas recentes foi importante pero tamén o foi dun modo paralelo o daqueles que se orientaron cara ó bacharelato e, a través del fundamentalmente, cara ós estudos universitarios.

Comparando os alumnos matriculados en FP 1 e 2 cos que o fan na universidade, descúbrese que hai máis matriculados na segunda ca na primeira. Diferencia que tende a intensificarse na década dos noventa.

Os datos presentados poñen de relevo cómo a formación profesional segue ocupando un espacio limitado dentro do sistema educativo español (De Pablo, 1997) e galego, e o seu crecemento, aínda que importante, podería considerarse insuficiente dentro dun marco de referencia dunha estructura educativa más equilibrada e que puidese responder dun modo máis sólido ás necesidades e esixencias de cualificación das empresas (Enguita, 1990).

E é moi probable que a introducción e definitiva implantación da nova reforma educativa, coa introducción dos novos ciclos formativos non altere, cando menos inicialmente, o peso dos estudos de orientación profesional.

O limitado alcance da formación profesional corre paralelo ó tamén minguado papel das ensinanzas de enxeñería e dos estudos técnicos, o que sen dúbida parece que forma parte dunha peculiar cultura en relación á educación e ó traballo.

O crecemento dos anos sesenta e setenta baseárase precisamente na utilización dunha man de obra de orixe rural, escasamente escolarizada, en ocasións integrada en procesos productivos pobres en tecnoloxía e que incorporaban tamén e dun modo serodio, en relación cos países máis desenvolvidos, os procesos de racionalización e descualificación propios do taylorismo (Herranz, 1989).

O núcleo duro das empresas ata hai moi pouco organizouse en volta a unhas xeracións cun nivel de estudos reducido e que seguramente valora sobranceramente "a experiencia". En efecto, a formación e a adquisición de habilidades para o mundo productivo desenvólverase nas propias empresas —algunhas veces nas escolas de aprendices—, pero a maior parte das veces dun modo informal e asistemático e sen plans elaborados de formación en recursos humanos³.

Na actualidade, a pesar do camiño percorrido e do considerable crecemento da educación na década dos oitenta e dos noventa, a historia está profundamente liga-

³ Dos diversos modos a través dos que é posible construí-las cualificacións (dentro ou fóra da empresa, antes ou despois de comezar traballar, dun modo formal ou informal) (véxase Marino Regini, neste mesmo número monográfico) estas constrúfanse no propio espazo productivo, dun modo autónomo, distante da esfera educativa e, claro está, no caso español sen unha tradición de negociación cos axentes sociais, dado que non estaban recoñecidos. A man de obra non só disponía dunha escasa experiencia de traballo na industria senón tamén dun baixo nivel de educación tanto xeral como profesional e en consecuencia a súa capacidade de transferencia e reciclaxe dentro dunha empresa como entre empresas era relativamente baixa. O que, a falta dos necesarios soportes institucionais e das acreditacións necesarias, contribuiría en parte —e segundo o argumento teórico de Marsden (1994)— a explica-la pobreza dos mercados ocupacionais e o maior peso, sobre todo entre as grandes empresas, de peculiares mercados internos de traballo.

da ás culturas sociais, educativas e empresariais e ás prácticas de xestión dos recursos humanos. E iso faise notar nun momento en que a calidade, a diversificación productiva e os cambios técnico-organizativos reclaman unha maior flexibilidade interna dos recursos humanos nas empresas, unha maior capacidade de auto-aprendizaxe para conseguir reduci-lo custo e o risco de calquera innovación.

Esta situación de desvantaxe nótase áinda hoxe nos intentos de poñer en marcha as denominadas prácticas en alternancia⁴, iniciada xa na segunda metade dos setenta. Noutras palabras, existen moitas inercias e dificultades para poder organizar, áinda que sexa dun modo tímidio, un sistema que trate de achegarse ó sistema "dual" alemán (Maurice *et al.*, 1984).

DA FORMACIÓN Ó EMPREGO: OS HORIZONTES OCUPACIONAIS

O que nos propoñemos nos seguintes apartados é presenta-las características básicas dos procesos de inserción no mercado de traballo dos xoves, homes e mulleres, de formación profesional de segundo grao en Galicia. Como xa se indicou, trátase de dar conta das formas de incorporación ó mercado de traballo *a partir dunha análise retrospectiva e de natureza lonxitudinal* das traxectorias que foron describindo, dende que terminaron os seus estudos durante os primeiros anos da súa vida activa, e dos modos en que, con maior ou menor fortuna, se foron abrindo camiño no mercado de traballo.

Sobre a base dun cuestionario de traxectorias ocupacionais levaronse a cabo dúas enquisas sobre unha mostra nominativa e representativa do conxunto de titulados de FP2 en Galicia que terminaron os seus estudos en 1985 e 1987 (primeira enquisa en xullo de 1992) e en 1986 e 1988 (segunda enquisa en xullo de 1993). A mostra do primeiro traballo ascende a 1.178 titulados para unha poboación de 5.732, cunha marxe de erro de +/-2,6 e un nivel de confianza do 95% e a do segundo a 1.836, sobre unha poboación de 6.496 ex-alumnos, cunha marxe de erro do +/-1,98 e o mesmo nivel de confianza. A mostra foi estratificada por xénero, rama de estudos, zonas xeográficas e anos en que terminaron os seus estudos.

Nestes estudos recollíase non só a situación de emprego no momento en que se realiza a enquisa senón unha ampla información sobre o primeiro e o último emprego (tipo de contrato, categoría, salario, tamaño e sector da empresa, esixencias de titulación....), número e características dos empregos (adecuación de cada un ó

⁴ A nosa investigación ofrecía unha certa información sobre o desenvolvemento das prácticas en alternancia poñendo de relevo o escaso recoñecemento social, ó poder subliñarse con nitidez que un importante segmento das empresas que colocaron a mozoa de formación profesional descoñecían, á súa vez, a existencia deses programas de formación en alternancia. A dificultade de crear unha adecuada figura de titor, valorada polos propios mozos, é un indicador máis das dificultades de reconoce-la importancia da empresa como lugar de formación, como espazo de aprendizaxe e non só de produción.

posto de traballo), períodos de ocupación e de paro, ademais doutras cuestións relativas, por exemplo, á historia e á traxectoria educativa e a orixe social, así como unha valoración de diversos aspectos da propia formación profesional e das prácticas nas empresas.

Constitúe, polo tanto, un método de natureza retrospectiva que nos permite coñecer a situación e a experiencia no mercado de traballo ó cabo de cinco ou de sete anos, segundo os cursos en que terminaron. A continuación abórdanse os seguintes aspectos da nosa investigación:

- 1) Orixén social, formación profesional e traxectoria educativa.
- 2) Formas e medios de busca: a elección do primeiro emprego.
- 3) Experiencia no emprego: paro, rotación e empregabilidade.
- 4) Estructura de inserción e mobilidade intersectorial.
- 5) Recoñecemento da titulación: tipo de vínculo laboral, cualificación, nivel salarial e categoría.

ORIXE SOCIAL, FORMACIÓN PROFESIONAL E TRAXECTORIA EDUCATIVA

Tradicionalmente os alumnos que accederon á formación profesional estiveron moi ligados á clase obreira manual. Dáse o caso de que o peso de pertenza á clase obreira dos pais na nosa mostra reflicte o peso que ten a clase obreira na poboación ocupada masculina no censo de 1991. Un 17,2% dos nosos enquiskados declaran como ocupación do seu pai a de obreiro manual non-cualificado, un 28% a de obreiro manual especializado e un 5% a de técnico ou profesional.

Aínda máis claro é o feito de que un 81% dos seus pais ou un 91,8% das súas nais só realizaron no mellor dos casos "estudios primarios". Se se compara coa situación do censo de 1991, a orixe social dos nosos técnicos pode cualificarse como pertencente ós estratos sociais máis baixos.

O nivel de educación é un dos terrenos nos que se destacan dun modo máis nítido as diferencias interxeracionais. Os pais, e sobre todo as nais, dos nosos mozos pertenecen aínda a unha xeración na que nos medios obreiros e campesiños só se conseguiran uns niveis moi pobres de escolarización obrigatoria. Nivel moi pobre en cantidade e calidade como o testemuña os elevadísimos índices de fracaso escolar no medio rural asociado ó uso do galego (Pérez Vilariño, 1979). O cambio que se observa é moi forte se comparámos os niveis educativos dos pais e os fillos varóns, pero aínda o é máis se considerámos os niveis educativos das nais en relación coas súas fillas. A incorporación da muller á educación e ó mercado de traballo é un dos cambios sociais de maior trascendencia que tiveron lugar durante os últimos vinte anos.

Superada a situación de discriminación da muller, que caracterizaba o sistema educativo anterior á década dos oitenta, consérvanse outro tipo de estereotipos que se manifiestan na composición das ramas de estudios elixidas polos rapaces e as

rapazas. A maior parte dos xoves concéntranse nun número moi limitado de ramas que, por outro lado, tenden a elixir dun modo moi desigual. Responde en realidade a unha forma de segmentación ocupacional que atopa as súas raíces nunha cultura moi arraigada na nosa sociedade. A segregación dos homes e mulleres por ramas de estudos é moi acentuada, contribuíndo e anticipando dalgún modo a segmentación que posteriormente se observará na estructura ocupacional (táboa 3).

Táboa 3.- Distribución dos titulados de FP2 por ramas para Galicia (promoción de 1986 e de 1988) e distribución en % por xénero para cada rama

Ramas	Homes N = 3.432	Mulleres N = 3.064	Galicia N = 6.496
Sanitaria	19,7	80,3	10,8
Agraria	85,5	14,5	0,8
Marítimo pesqueira	99,6	0,4	3,6
Metal	100,0	0,0	4,6
Electricidade e electrónica	96,8	3,2	19,8
Química	15,2	84,8	1,2
Construcción e obras			
Administrativo e comercial	26,2	73,8	44,0
Artes gráficas	100,0	0,0	0,1
Delineación	63,8	36,2	3,8
Automoción	99,8	0,2	6,9
Peluquería e estética	1,3	98,7	2,4
Madeira	100,0	0,0	0,5
Moda e confección			
Imaxe e son			
Fogar			
Hostelería e turismo	62,6	37,4	1,4

Pero o segmento de estudiantes de FP2 que analizamos dista de ser homoxéneo non só en relación coa súa orixe social ou as especialidades elixidas senón tamén canto ás súas traxectorias educativas. Diferénciase pola rama ou especialidade que elixiu e pola vía educativa gracias á cal accedeu á formación profesional de segundo grao así como polos cursos que puido realizar logo do seu témino.

No noso caso a traxectoria descrita polos xoves galegos de FP2 permítenos descubrir que non todos accederon a este nivel a partir de FP1 nin que a FP2 constitúe unha rama terminal.

Como pode observarse na táboa 4, son sobre todo as mulleres, que cursaron de modo maioritario as ramas de natureza administrativa, as que acceden a FP2 desde unha vía diferente á FP1. Un 20% delas din proceder de BUP e un 21,5 % doutras vías, en contraste cun 11% e un 9,8%, respectivamente, no caso dos homes. Se, por outro lado, se observa o que sucede ó termina-los estudios (táboa 5) detéctase un pequeno grupo dun 8,4% que realizou outros estudos medios, como por exemplo outras especialidades de FP 2, un 13,7% iniciaron algunha carreira universitaria e un 9% di tela rematado.

Táboa 4.- Traxectoria educativa dos alumnos. Distribución segundo a vía de acceso a FP2 para o total de Galicia e segundo xénero (%)

	Mostra	Vía de acceso		
		FP1	BUP	Outras vías
Galicia	1.836	67,8	15,5	15,6
Homes	922	78,4	11,0	9,8
Mulleres	914	57,1	20,0	21,5

Táboa 5.- Distribución dos titulados de FP2 segundo realizaron outros estudos diferentes, para o total de Galicia e segundo xénero (%)

Estudios realizados	Homes N = 922	Mulleres N = 914	Galicia N = 1.836
Non realizou ningún estudio ou realizou algún curso de formación ocupacional	69,1	68,0	68,6
Acabou outra rama de FP2 ou COU	6,8	10,1	8,4
Acabou algún curso de carreira universitaria	15,3	12,2	13,7
Acabou unha carrera universitaria	8,8	9,7	9,3

Aprécianse, ademais, diferencias importantes segundo as zonas, participándose en traxectorias educativas más longas no medio urbano ca nos outros medios. As zonas do medio rural e costeiro comparativamente más atrasadas, cunha oferta pública de ensinanza más limitada, e unha ensinanza privada ausente, crean unhas condicións menos favorables para a participación no espacio educativo. Estas oportunidades más reducidas poden, á súa vez, acompañarse dunhas aspiracións más limitadas e de menor alcance, no marco duns grupos de referencia social nos que a educación viviuase como algo máis estranxo e alleo. De modo que se fala de diversas formas de segmentación dos mercados de traballo tamén poderíamos facelo da segmentación nos sistemas educativos en relación coas oportunidades abertas e coas posibilidades reais de elección entre elas.

Ademais dos estudos realizados, outra característica é que moitos titulados realizaron algún tipo de traballo de natureza continua ou ben ocasional durante os seus estudos. Por termo medio, un 16,7% din ter realizado algún traballo ocasional fronte a un 4,4% que din telo feito de modo continuo.

Estas primeiras experiencias poden cumplir un papel de exploración do ambiente e das esixencias de traballo e contribúen a configura-la propia personalidade do mozo nun momento no que as súas preferencias poden estar pouco cristalizadas⁵.

⁵ Como nos indica Roberts (1984): "É pouco realista esperar que os mozos que abandonan a escola entren no mercado de traballo cun coñecemento das ocupacións, seguros das súas preferencias, buscando dun modo sistemático e establecéndose inmediatamente nas ocupacións para as que están mellor preparados. Os traballadores xoves carecerán dun coñecemento das ocupacións e da súa propia capacidade". No caso dos xoves orientados cara a unha determinada familia e identidade profesional, por exemplo, como consecuencia dunha formación específica, este grao de indeterminación e de "anomia" pode reducirse (Herranz *et al.*, 1992).

FORMAS E MEDIOS DE BUSCA: A ELECCIÓN DO PRIMEIRO EMPREGO

O estudo dos mecanismos mediante os cales os traballadores obteñen información sobre os empregos do mesmo modo que as formas mediante as cales os empresarios se poñen en contacto e seleccionan os seus traballadores, constitúe un dos aspectos máis críticos na comprensión dos procesos de adaptación no mercado de traballo e pon de relevo a importancia dos diversos espacios de socialización (Granovetter, 1974, 1982).

Os medios utilizados poden variar de acordo coa natureza da estructura social dos mercados de traballo, poñendo de manifesto o modo en que se constrúe socialmente a información. Como se demostra nas nosas investigacións e noutras, tanto as condicións do medio social (grafo de integración social, familiar...) como o horizonte ocupacional de referencia inflúen nas canles abertas e na súa eficacia.

Para o conxunto da mostra os *medios gracias ós cales soubo del* e, en consecuencia, puido optar polo seu primeiro emprego (táboa 6) foron fundamentalmente os "amigos e coñecidos" (un 30,9%), os "anuncios e convocatorias públicas" (un 21,4%) e os "pais e familiares" (un 18,5%). Os medios de natureza informal formados por amigos, coñecidos e familiares supoñen case o 50%. Un dato se cabe importante reside no feito de que só un 10% recoñece que soubo do seu primeiro emprego gracias ó INEM.

Ademais, as diferencias entre as zonas son estatisticamente significativas. É nas zonas de marcado carácter rural ou vinculadas a actividades marítimo-pesqueiras na costa onde as relacións de natureza informal desempeñan un destacadísimo papel: un 59,9% nas primeiras e un 62% nas segundas, situándose no resto en torno a un 45 %.

Táboa 6.- Distribución dos medios más eficaces para consegui-lo emprego para o total de Galicia e segundo xénero (%)

Medios más eficaces	Homes N = 771	Mulleres N = 696	Galicia N = 1.470
Anuncios prensa, convocat. oposicións	18,4	24,8	21,4
Os pais, familiares	20,8	16,0	18,5
Os amigos ou coñecidos	31,1	30,6	30,9
A oficina do INEM	8,6	12,0	10,2
O centro de FP	8,1	5,3	6,8
A empresa de prácticas	3,1	3,6	3,3
Visitando empresas	8,3	4,7	6,6
Outros medios	1,5	3,1	2,3

Non debe de extrañarnos que as mulleres, debido probablemente a unha menor sensibilidade social e familiar á súa necesidade de empregarse ou ben debido ó tipo de emprego ó que adoitan e poden acceder, sen dúbida máis afastado da experiencia manual dos traballos dos seus pais, reciban menos apoio das súas familias, e que só un 36,2% fronte a un 49,1% de homes mencionen os seus pais entre os

diversos medios utilizados para atopar un emprego. Pola contra, atopamos que son elas as que recoñecen nun 60,8% fronte a un 39,2% dos varóns ter utilizado a prensa ou as convocatorias públicas⁶.

Ademais, aínda que pouco máis dun tercio (35,9%) di ter acudido a algunha empresa a solicitar un emprego, son elas as que afirman con máis frecuencia que se puxeron en contacto con algunha antes de colocarse, condición que parece necesaria para coñecer-las condicións, solicita-lo emprego e te-la sorte, si cabe, de ser un dos elixidos. Iso significa que a maior parte dos xoves entrevistados parecen acepta-lo primeiro emprego que se lles presente con tal de que reúna unhas condicións mínimas. O que parece confirmarse cando, entre aqueles que cando menos tiveron un emprego, só un 14,5% din haber rexeitado algúin. Deste grupo, finalmente, só un 38,7% rexeitouno porque atopou un mellor.

EXPERIENCIA NO EMPREGO: PARO, ROTACIÓN E EMPREGABILIDADE

Dende hai xa varias décadas e dando conta fundamentalmente da experiencia anglosaxona, con mercados de traballo amplos, dinámicos e complexos, os economistas e sociólogos do traballo viñan sinalando a elevada plasticidade e propensión ó cambio de emprego, de natureza voluntaria, entre unha boa parte dos xoves que comezan a te-las súas primeiras experiencias de traballo. Serían traballos próximos ó "tipo ideal", en sentido weberiano, de "mercado secundario" (Doeringer e Piore, 1985; Piore, 1983), é dicir, mercados de traballo con baixos salarios, inestabilidade no emprego e escasas oportunidades de formación e aprendizaxe. Esta elevada rotación asociaríase co desempeño de traballos relativamente marxinais, cun baixo custo de substitución e carentes dunha certa identidade ocupacional. Tanto a falta de experiencia como unha obriga de manter unha familia, e responder ás expectativas sociais derivadas, explicaría este fenómeno dende o lado da oferta. Dun modo moi expresivo atoparíanse nunha situación de tanteo, transitoria, de paso, ou de moratoria psicosocial (Miller e Form, 1969; Osterman, 1983).


⁶ Unha análise de natureza lonxitudinal realizado sobre a inserción dos xóvenes de FP2 en tres mercados locais de traballo (Gran Bilbao, Concas Mineiras en Asturias e a comarca de Ferrol) no ano 1988, poña de manifesto o importante papel que desenvolvían os amigos e coñecidos na obtención de información sobre o primeiro emprego, e de modo moi acusado entre aqueles que o conseguían nas pequenas empresas industriais e no sector de servicios periféricos (aquele formado na súa maioría por pequenos establecementos de hostalería, restaurantes, pequenos comercios....). No caso da gran industria sublíñase o importante papel que desenvolve algún familiar que traballaba na empresa na que se colocou. Finalmente, no sector servicios centrais destacaban dun modo moi notorio os procedementos de natureza universal. Eran, ademais, as mulleres que na súa maioría procedían de familias obreiras situadas no sector industrial as que, tendo ademais cursado ramas de natureza administrativa, víanse más obrigadas a fazer uso de medios de natureza formal (prensa, BOE, anuncios públicos e convocatorias...). Tamén era más frecuente ter accedido por un medio universal entre aqueles traballos que tiñan que ver moitos estudos. O subempregado, pola contra, era más probable que conseguira o emprego gracias a unha información recibida dos amigos (Herranz *et al.*, 1992).

Diversos traballos poñen de relevo cómo existe unha asociación entre categoría ocupacional e formas de obter información para o acceso. En efecto, Felix Requena (1991) observa cómo a medida que aumenta o nivel educativo é más probable que se obteña a información por medios universais, a pesar de que os informais sigan aínda desenvolvendo un papel importante.

No noso contexto e mantendo moitos destes trazos, sería necesario considerar non só as diferencias estruturais senón tamén as de tipo cultural e institucional. En calquera caso, esta situación de rotación voluntaria cambiou dun modo notable na actualidade. No caso español, unha boa parte da rotación deriva do término dos contratos e non dun cambio estrictamente voluntario. A temporalidade dos contratos asociada á súa vez a unhas elevadas taxas de paro introduce un elevado grao de incerteza entre os novos no contexto dunha cultura de traballo como a nosa, moi afastada da que nos debuxaban os investigadores anglosaxóns. Vexamos algunos indicadores xerais en relación coa experiencia laboral.

Entre os diversos *indicadores* xenéricos de integración na ocupación, un dato de primeirísima importancia é a *taxa de desocupados* en relación co conxunto da poboación que terminou os seus estudos de FP2. No grupo que adoptamos como referencia principal, os enquiskados en xullo de 1993 (estudio 2), é importante sinalar que algo máis da terceira parte estaban desocupados. E deste grupo, un 60% (fronte a un 40% no estudio 1) confesa que nunca tivo un emprego dende que terminou os seus estudos de FP2; o que pon de relevo a importancia do *paro de longa duración* entre a mocidade e de qué modo a situación de paro empeorou nun momento no que a crise que viña lentamente larvándose dende 1991 se manifesta cunha considerable brusquidade en 1993.


Gráfica 2.- Situación de emprego ou paro na actualidade



A metodoloxía utilizada permitiu-nos analiza-lo *ritmo de inserción* ocupacional para as catro promocións. Na gráfica 3 é posible observa-la evolución da taxa de ocupación, mes a mes, da nosa poboación ó cabo de cinco (cursos 87 e 88) e sete anos (cursos 85 e 86) de haber terminados os seus estudos. En efecto, obsérvase a influencia que tivo a situación económica, tanto no momento de partida de cada

unha das promocións, como no punto final que observamos. Tanto na promoción do 87 como na do 88 a velocidade de inserción inicial é superior á do 85 e sobre todo á do 86, aínda que ó cabo de dous e tres anos a situación tende a ralentizarse manifestándose dun modo moi claro o inicio da crise dos noventa.

Gráfica 3.- Evolución da ocupación dos titulados de FP2 para cada promoción



Outro indicador de interese do mercado de traballo é o *número de empregos* que tiveron durante o período observado (véxase a táboa 12). Por termo medio os xoves do estudo 2 ofrecen unha menor mobilidade entre os empregos que os do primeiro. As menores oportunidades de emprego derivadas da crise económica e o menor período de expansión do emprego do que puideron disfrutar, manéstanse nunha menor rotación entre empregos.

Este efecto derivado da conjuntura podería completarse con outro efecto da dinámica económica moi ligada ás diferentes estruturas das *zonas* analizadas⁷. Son as zonas máis dinámicas (as cidades do eixe atlántico) onde se observa unha maior rotación entre os empregos. O que non significa, cómpre advertir, que se manteñan máis tempo desocupados ca nas zonas rural e costeira. A elaboración dun *índice de empregabilidade* consistente no cociente entre o número total de meses ocupados e o total de meses disponíveis para estar ocupados (no caso do home dedíicense os meses consumidos no servizo militar) permite poñer de relevo cómo é precisamente nas zonas urbanas do eixe atlántico onde o índice é máis elevado, independentemente do xénero (táboa 7). A situación é sensiblemente peor nas cidades e comarcas rurais do interior e marítimo-pesqueiras. É precisamente aquí onde os índices de empregabilidade da muller son máis baixos, poñendo de relevo a debilidade do tecido económico que as emprega.

⁷ Zona 1: Santiago-A Coruña-Ferrol; Zona 2: Vigo-Pontevedra; Zona 3: Lugo-Ourense; Zona 4: comarcas marítimo-pesqueiras; Zona 5: comarcas rurais do interior.

Táboa 7.- Distribución dos titulados de FP2 de cada zona segundo o índice de empregabilidade e índices medios para a promoción de 1986 e de 1988

Meses	Zona 1 N = 698	Zona 2 N = 454	Zona 3 N = 253	Zona 4 N = 174	Zona 5 N = 257	Galicia N = 1.836
< 12	23,4	18,9	36,6	31,4	37,5	26,8
12-24	11,0	10,8	12,9	9,8	8,0	10,7
25-36	10,8	15,4	14,5	9,5	14,0	12,7
37-48	13,8	18,3	14,2	18,6	15,9	15,7
>48	41,2	36,8	21,8	30,7	24,3	34,1
Índice medio 86	,556	,504	,387	,436	,406	,489
Índice medio 88	,493	,538	,358	,446	,386	,464

ESTRUCTURA DE INSERCIÓN E MOBILIDAD INTERSECTORIAL

O obxectivo desta parte é presentar brevemente as posicións sectoriais nas que se colocaron os mozos que estudiamos. Como é posible observar diferencias moi acusadas nas condicións de emprego e de traballo segundo o tipo de empresa, organización e o sector ó que pertencen, comezaremos analizando a estructura sectorial dos empregos.

Para a súa definición utilizámolo-a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) procedendo a agrupa-las ramas en cinco sectores: agricultura, industria, construcción, servicios centrais (administración pública, educación, sanidade, banca e transportes e telecomunicacións) e servicios periféricos (hostalería, comercio e servicios de reparacións)⁸. Tamén diferenciámolo-las empresas ou organizacións segundo tivesen máis ou menos de 50 traballadores.

É precisamente o sector servicios, e máis concretamente aquel que está ligado ás institucións características do estado de benestar o que medrou a un maior ritmo e onde un importante segmento dos técnicos, sobre todo mulleres, atoparon a oportunidade de empregarse. A contribución das institucións públicas de benestar á feminización da estructura ocupacional é un feito recoñecido na literatura especializada (Esping-Andersen, 1990).

⁸ Habería que sinalar que a distinción entre sector central e periférico non é completamente nítida, e ten máis ben un carácter "tipo ideal". No caso da industria entenderíase que unha empresa achegárase a unha situación central na medida en que ocupase unha posición de monopolio ou oligopolio, que lle permite controla-lo mercado e dominar dalgún modo o entorno. Parece claro que na situación pola que leva pasando a industria galega dende hai máis de dúas décadas, algunas organizacións que poderían ocupar unha posición más cercana ó centro se deslizaron en moitos aspectos cara á periferia.

No caso do sector servicios agrúpanse, por un lado, os sectores que cumplen funcións políticas de regulación difficilmente substituíbles e sectores que, como a sanidade e a educación, están apoiados publicamente. A banca e as telecomunicacións dispóñen, sen dúbida, dunha posición sólida no mercado. A maioría son grandes organizacións de natureza moi complexa e que de modos diversos conseguén un control sobre o entorno. A complexidade e o control inflúen sobre as condicións de traballo. Por outro lado, incluímos como pertencentes ó sector periférico aquelas ramas como "comercio, hostelería, restaurantes, establecementos de comida rápida, gasolineiras, servicios de reparacións...", que se atopan nunha situación máis desprotexida, sometidas ás turbulencias do mercado e a unha menor presión social para o seu mantemento e, en consecuencia, os traballadores atópanse unha situación máis vulnerable (Berg, 1981; Kalleberg, 1983; Baron, 1984).

En efecto, un 70,8% de homes e mulleres obterán o seu primeiro emprego no sector servicios, e máis concretamente un 39,3 % no denominado sector de servicios centrais, fronte a un 20,2% que o fan na industria ou un 5% na construción (táboa 8).

A tendencia que se observa a deslizarse cara ó sector de servicios centrais, dá lugar a que no último emprego termine concentrándose nel un 44% a costa dos empregados no sector de servicios periféricos e da industria.

Táboa 8.- Mobilidade dos titulados de FP2 entre os sectores segundo o tamaño das empresas

<i>Primeiro emprego</i>	<i>Último emprego</i>									<i>Total</i>
	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>	<i>6</i>	<i>7</i>	<i>8</i>	<i>9</i>	
1. Agricultura e Pesca	89,1	—	—	3,3	1,6	—	2,2	—	3,8	3,0
2. Industria > 50 traballadores	—	64,5	8,4	0,7	0,7	11,0	6,1	3,4	5,2	10,0
3. Industria < 50 traballadores	—	7,4	69,9	0,7	3,8	8,6	1,2	0,6	7,8	10,3
4. Construcción > 50 traballadores	—	4,1	—	52,1	26,7	12,2	—	4,9	—	1,4
5. Construcción < 50 traballadores	1,0	2,9	5,8	2,6	68,6	8,2	5,0	1,4	4,3	4,6
6. Sec. serv. centrais > 50 traballad.	0,4	1,0	0,5	0,5	0,9	89,0	4,9	0,7	2,1	21,1
7. Sec. serv. centrais < 50 traballad.	1,4	1,4	1,9	0,9	0,9	10,4	77,9	—	5,1	18,2
8. Sec. serv. perifér. > 50 traballad.	—	2,7	1,7	3,7	3,2	9,5	10,8	62,2	6,2	7,9
9. Sec. serv. perifér. < 50 traballad.	0,6	3,7	5,4	0,8	0,4	8,2	4,1	3,1	73,7	23,5
<i>Total</i>	3,2	9,0	10,1	1,8	4,7	25,9	18,1	6,4	20,8	100,0

Dunha sinxela lectura da táboa de mobilidade intersectorial (táboa 8) (sen considerar, polo tanto, a mobilidade entre empregos dentro de cada un dos sectores) despréndese a elevada estabilidade do emprego no sector de servicios centrais sobre todo nas empresas e institucións de máis de cincuenta empregados, pois só un 10% dos empregados na primeira situación de emprego móvese cara outros sectores, a metade dos cales fano ademais cara ó sector de servicios centrais de menos de cincuenta traballadores. Maior mobilidade intersectorial se aprecia entre aqueles que tiveron o seu primeiro emprego no sector de servicios periféricos de menos de cincuenta traballadores, e dun modo más acusado entre os que se colocaron na industria, sobre todo a mediana e a gran industria, ou, finalmente, no sector de servicios periféricos de máis de cincuenta traballadores.

Da observación da táboa 8 constátase que o espacio *de mobilidade profesional e laboral* configúrase e articúlase en torno ó sector de servicios centrais de máis de cincuenta traballadores que recibe traballadores —e sobre todo traballadoras— de tódolos outros sectores (entre un 8% e 12 % dos empregados no sector de partida), á vez que se configuran dous subespacios con fluxos internos importantes. Un subespacio formado polos procesos de mobilidade entre os diversos segmentos do sector de servicios e outro formado polos espacios de mobilidade dentro da industria, áida que estes están máis abertos ó sector servicios no seu conxunto.

Sen dúbida, o sector de servicios centrais ofrece unhas posicíons de emprego moi atractivo en termos (sempre relativos) de salario, estabilidade, formalización da relación de traballo, posibilidades de aprendizaxe, boas condicións de traballo, relacíons sociais, etc., factores que explican que constitúa o *horizonte ocupacional* para moitos dos técnicos especialistas que buscan un emprego ou que están colocados noutros sectores. En calquera caso, non hai que esquece-las características específicas das organizacións dentro dos sectores. Por exemplo, os mercados (sistemas) internos de traballo burocráticos da Administración e os servicios públicos para este segmento teñen a característica de permitir, baixo algunas condicións, máis unha mobilidade horizontal entre empregos internos (trasladados) ca unha mobilidade vertical en termos de carreira, sen dúbida moi limitada.

Por outra parte, no estudio da estructura de inserción paga a pena *resalta-la variabilidade que se observa no tipo de emprego tanto entre zonas como entre xénero*.

Así, a diferencia máis acusada na composición sectorial dos empregos (táboas 9 e 10) obsérvase na zona 1, o conxunto de Santiago-A Coruña-Ferrol, de orientación dominantemente burocrática, fronte á zona do interior e a marítimo-pesqueira. Diferencia entre os perfís que tende a agudizarse se comparámo-la primeira e a última situación de emprego, e a pesar de que en tódalas zonas, urbanas ou rurais, os empregos no sector de servicios centrais medran entre a primeira e a última situación de emprego e o fan tamén tanto entre os homes como entre as mulleres.

Considerando esta tendencia xeral e comparando a distribución dos empregos segundo o xénero e de acordo coas zonas, é posible observar dun modo sistemático cómo os empregos das mulleres tenden a concentrarse e polarizarse no sector de servicios centrais mentres que os empregos dos homes —aínda que participan desta tendencia— distribúense de modo máis homoxéneo entre os diversos sectores considerados⁹.

Táboa 9.- Distribución sectorial dos titulados de FP2 segundo zonas e xénero. Situación no primeiro emprego (%)

	Zona 1		Zona 2		Zona 3		Zona 4		Zona 5		Galicia	
	Home	Muller	Home	Muller								
Agricultura	8.7		1.8	2.2			10.3	1.1	1.9	1.4	4.9	0.8
Industria	19.9	8.5	40.6	12.8	23.3	6.6	36.4	18.7	29.8	12.2	29.0	10.6
Construc.	7.7	0.9	4.6	5.0	16.7	3.8	13.1	1.1	14.4	—	9.4	2.2
Serv. perif.	31.1	36.8	25.6	30.6	30.8	25.5	24.3	37.4	33.7	37.8	29.2	34.0
Serv. centr.	32.7	53.8	27.4	49.4	29.2	64.2	15.9	41.8	20.2	48.6	27.5	52.3

⁹ Son os varóns os que siguen ocupando un lugar destacado no sector industrial a pesar de que moitos o abandonan no transcurso dos seus primeiros anos de vida laboral. A moda estatística máis elevada sitúase no caso das mulleres na zona 3 (Lugo e Ourense) cun 67,3% que atopan o seu último emprego no sector de servicios centrais ou na zona 1 cun 63,4%. No caso dos homes, as modas estatísticas máis elevadas sitúanse no sector industrial da zona 2 (Vigo-Pontevedra) cun 36,5% e no da zona 4, marítimo-costeira, cun 36,4%.

Táboa 10.- Distribución sectorial dos titulados de FP2 segundo zonas e xénero. Situación no último emprego (%)

	Zona 1		Zona 2		Zona 3		Zona 4		Zona 5		Galicia	
	Home	Muller	Home	Muller								
Agricultura	8,7	0,5	2,7	1,1	—	—	10,3	2,2	1,9	2,7	5,1	1,0
Industria	18,4	8,5	36,5	10,6	22,5	5,6	36,4	19,4	33,3	8,1	27,7	9,6
Construc.	10,7	0,9	5,0	4,4	17,5	3,7	10,3	4,3	13,0	—	10,2	2,4
Serv. perif.	26,5	26,8	26,1	28,3	28,3	23,4	25,2	33,3	25,9	35,1	26,4	28,2
Serv. centr.	35,7	63,4	29,7	55,6	31,7	67,3	17,8	40,9	25,9	54,1	30,5	58,2

Por outra parte, o sector en que se colocan parece estar moi ligado á rama de estudos, de tal modo que se observámola *matriz sectores-ramas* existe un certo grao de especialización por ramas educativas (táboa 11). En efecto, son os da rama sanitaria, na súa maior parte mulleres, os que conseguem en maior medida un posto neste sector, situándose en torno ó 90% tanto no primeiro emprego como no último. A reducida rama de metal, fundamentalmente masculina, concéntrase no sector industrial, que se distribúe por igual entre as empresas de máis e de menos de cincuenta trabajadores (69% no primeiro emprego e 63% no último).

Táboa 11.- Distribución sectorial dos titulados de FP2 segundo ramas de estudos. Situación no último emprego (%)

	Ramas								Total N=1432
	Sanitaria N=154	Metal N=60	Electric. N=285	Administ. N=667	Delineac. N=56	Autom. N=97	Resto N=113	Total N=1432	
1. Agricultura e pesca	—	—	1,3	1,1	—	4,1	26,9	—	3,1
2. Industria > 50	0,5	31,7	17,6	4,5	8,9	16,5	5,4	—	8,9
3. Industria < 50	0,5	31,1	12,7	9,3	11,8	13,2	7,9	—	10,2
4. Construcción > 50	—	1,3	3,7	0,8	8,4	2,9	1,2	—	1,8
5. Construcción < 50	—	5,9	12,8	2,2	13,6	4,0	1,4	—	4,7
6. Ser. centrais > 50	69,2	8,9	18,5	25,6	19,5	5,0	18,3	—	26,0
7. Ser. centrais < 50	23,6	3,2	7,1	24,5	33,9	8,9	7,3	—	18,1
8. Ser. perifér. > 50	2,8	1,6	5,8	8,7	—	7,0	4,2	—	6,4
9. Ser. perifér. < 50	3,3	16,4	20,6	23,3	3,9	38,3	26,6	—	20,9
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

A diferencia destas dúas ramas, que poderían calificarse de "*ocupacións monosectoriales*", aqueles que cursaron a rama de electricidade e electrónica ofrecen unha imaxe moito más diversificada mostrando a posible existencia dun mercado ocupacional que invade moitos sectores en tarefas de mantemento, instalacións eléctricas, reparacións ..., moitas veces ligadas a industrias, ó personal de mantemento nas grandes empresas de servicios ou a pequenas empresas de reparacións e asistencia que son propias tamén dunha sociedade de consumo de masas que demanda os seus servicios. Pero non habería que descartar que unha boa parte deles, a xulgar polo importante segmento que afirma que o seu traballo ten pouco que ver cos estudos realizados, se atope nunha situación que non lle permite adquirir unha

experiencia profesional valorable. Finalmente, situacóns que podemos calificar con nitidez de intermedias entre estes dous 'tipos ideais' nola ofrece o resto das ramas (delineación, administrativo e comercial, automoción...). Non hai que esquecer que moitos destes empregos están afastados e non son afíns ós estudios realizados.

O RECOÑECIMENTO DA TITULACIÓN: TIPO DE VÍNCULO LABORAL, CUALIFICACIÓN, NIVEL SALARIAL E CATEGORÍA

O paro, a inestabilidade e o subemprego son hoxe tres problemas que veñen presentarse de forma asociada. Analizada a situación do paro e unha vez observadas as posicóns na estrutura sectorial, podemos abordar agora as condicións baixo as que se empregaron os titulados de FP2.

Neste sentido, o tipo de vínculo laboral, a categoría laboral e o salario constitúen tres indicadores básicos e de primeira orde do modo en que se recoñecen e estiman, ó longo do tempo, as capacidades educativas e a experiencia adquirida polos novos.


Tipo de vínculo contractual

A inmensa maioría dos técnicos especialistas iniciarán a súa vida laboral con algún tipo de contrato nalgúnha das múltiples modalidades de natureza temporal, de tal modo que non se aprecian diferencias importantes que poidan discriminar segundo o ano de promoción, o xénero e a zona. Non sucede o mesmo no último emprego.

A posibilidade de comezar cunha situación de emprego indefinido é moi limitada e circunscribese ás organizacións e servicios públicos que configuran boa parte do sector de servicios centrais. Con toda seguridade, unha boa parte do 10% que se atopa nesta situación responde ós que conseguiron unha praza de funcionario. A posición máis sólida téñena os que cursaron a rama sanitaria, cun 16% en situación fixa, no seu emprego inicial, e un 11% da rama de administrativo e comercial.

En contraste cunha situación de partida tan pouco estable, na *última* atopamos cun 35,5% de traballadores con contrato estable ou na cobizada situación de funcionario.

En relación coa última situación contractual son as mulleres, que na súa gran maioría estudiaron as ramas administrativa, comercial e sanitaria, e orientadas massivamente cara ó sector de servicios centrais, as que con máis probabilidade disfrutan dunha situación estable (39% de mulleres fronte a un 32 % de homes). O que se confirma cando se comproba a proporción de contratos estables entre aqueles que cursaron estas dúas ramas (sanitaria e de administrativo e comercial), cun 40%.

Gráfica 4.- Tipo de contrato no primeiro e no último emprego

Pola contra, nas ramas de delineación e outras (perruquería, estética, hostelería, marítimo-pesqueira e agraria) a porcentaxe de contratos fixos é moi reducido, sendo ademais as especialidades nas que se observa unha maior frecuencia de traballadores autónomos ou de pequenos empresarios, como intuitivamente pode deducirse da natureza da ocupación.

Son tamén as zonas urbanas en relación coas rurais de interior ou marítimo-pesqueiras onde se aprecia unha maior presencia de traballo estable, o que sen dúbida está estreitamente asociado coa demografía industrial-ocupacional de cada unha das zonas, dado que é precisamente entre os empregos do sector de servicios centrais no que é máis probable atoparse un traballador en condicións estables. En efecto, como pode comprobarse no informe, existe un 58,1% de contratos estables no sector de servicios centrais de máis de 50 traballadores fronte a un 21,7% no de servicios periféricos de menos de 50.

Cualificación, mobilidade na categoría laboral e niveis salariais

A cualificación adquire diferentes significados á luz dos diversos momentos do mercado de traballo e do modo en que se utilicen os recursos humanos nas empresas. En efecto, non é o mesmo a cualificación educativa, que pode adoptar múltiples formas, que a esixida na contratación (experiencia, apariencia, habilidade verbal, rede de relacóns, titulación...); tampouco debe de confundirse a cualificación esixida no posto de traballo coa disponible ou, finalmente, coa cualificación recoñecida formalmente como categoría de convenio e cun nivel salarial (Freissenet, 1979; Enguita, 1998).

Nas nosas investigacións obsérvase un importante desaxuste inicial entre as cualificacións formais —a titulación educativa—, o posto de traballo e sobre todo a categoría que se lle recoñece no primeiro emprego.

O desaxuste pode ser pasaxeiro e transitorio ou, pola contra, permanente. Para uns ese desaxuste pode ser mínimo na medida en que se lles recoñece a súa cualificación formal incluso sen ningunha experiencia de traballo (por exemplo, nas oposicións), ou ben relativamente transitorio en tanto en canto dun modo más ou menos progresivo se lle valore unha titulación e unha experiencia afin no mercado interno, ou ben no mercado externo a través do "mercado ocupacional". Podería suceder, como de feito é o caso, que moitos técnicos especialistas aceptan nun contexto de elevado paro e limitadas oportunidades de emprego, calquera emprego, independentemente do grao de afinidade e adecuación dos seus estudos ó traballo, quedando á longa acantonados nunha situación nun principio non desexada. (Herranz *et al.*, 1992).

Para dar conta do grao de recoñecemento da titulación educativa observarémos -lo grao en que se lles esixiu a titulación na contratación e a adecuación dos postos ós estudos.


Do conxunto dos técnicos especialistas, tanto na primeira como na última situación de emprego, case a metade declaran que o título foi un requisito necesario para obter un emprego, mentres que algo máis dunha cuarta parte manteñen que non foi necesario pero que foi valorado. En canto á adecuación entre o posto de traballo e os estudos cabe subliñar que un 67,7% sostén que o seu último emprego tiña moito ou bastante que ver cos estudos realizados (gráfica 5). A xulgar por estes datos, e coa debida cautela, poderíamos apuntar que o "*subemprego percibido*" afectaría basicamente a un tercio do total dos técnicos especialistas que tiveron cando menos un emprego. Aínda que non debemos esquecer que existen diferencias apreciables segundo as ramas, sendo a sanitaria a que se atopa nunha mellor situación e a de electricidade-electrónica e metal as que presentan unha imaxe máis desfavorable.

A *categoría* e o *nivel salarial* son indicadores máis precisos do grao en que se recoñece a cualificación e os logros dos nosos técnicos especialistas, estando ademais estreitamente asociados entre si.

Como se observará na táboa 12, mentres que na primeira situación de emprego un 73,7% non alcanza as categorías de oficial de 1^a e 2^a ocupando posiciones de peóns, conserxes e de oficial de 3^a ou auxiliar administrativo, esta cantidade redúcese a un 54% na última situación.

Para dar conta do proceso de mobilidade entre categorías procedemos a definir catro grandes grupos, segundo o tipo de mobilidade entre elas (táboa 12)¹⁰:

¹⁰ Agregáronse as mostras dos dous estudos, excluíndo os que realizaron estudos superiores e se atopaban nunha categoría de técnico superior á que non ten acceso un técnico especialista.

Gráfica 5.- Grao de adecuación dos estudos ó emprego por ramas ($N=1.465$)**Táboa 12.-** Indicadores da situación no mercado de traballo segundo grupo de mobilidade (%)

Grupo de mobilidade	3						4	5	6
	1	2	1 emp.	2 emp.	3 emp.				
A	51,6	40,0	47,6	33,0	19,4	29,7	42,0	25,3	
B	2,6	44,0	12,5	56,3	31,2	22,9	41,7	18,8	
C	22,1	21,0	32,7	42,9	24,4	44,6	18,4	12,3	
D	23,7	10,0	57,6	28,5	13,9	36,1	15,2	12,7	

1: % en cada categoría de mobilidade; 2: % que din que non foi valorado o título; 3: % segundo tiveran un, dous, e tres ou más empregos; 4: % con contrato fixo no último emprego; 5: % que din que o seu salario é inferior a 85.000 pesetas no último emprego; 6: % de parados no momento de realizarse a enquisa.

- A) Son aqueles que comezan de peóns, conserxes, oficiais de 3^a e auxiliares e que se manteñen nesa mesma posición no seu último emprego. Constitúen máis da metade dos empregados.
- B) Neste grupo sitúanse os titulados que comenzaron cunha categoría elevada (oficial de 1^a ou 2^a), pero descenden ó grupo máis baixo no último emprego. Poden cualificarse como móbiles descendentes contribuíndo a aumentalo grupo dos subempregados. Son poucos, dado que non superan o 2,8%.
- C) Este grupo é o dos móbiles ascendentes, formados polos que, empezando polas categorías baixas xa mencionadas, conseguén unha categoría alta de oficial de 1^a ou de 2^a no último emprego. Constitúe un 22%.
- D) Este grupo está constituido polos que, obtiveron unha categoría alta no seu primeiro emprego e mantéñense nela no último. Supón un 23,7% sobre o total.

O grupo D que comeza e termina nunha posición comparativamente máis privilexiada é o grupo ó que se lle recoñeceu con máis frecuencia o título, manifesta unha menor rotación, dispón dunha maior proporción de contratos fixos e entre eles é moi baixa a porcentaxe dos que confesan que o seu salario é inferior ás 85.000 pesetas. Finalmente, é o que menor risco ten de atoparse en paro no momento en que se realizou a enquisa.

O grupo A é, pola contra, o que se move entre categorías baixas, manténdose relativamente estancado. Como pode observarse, ofrecen uns indicadores moi afastados dos do grupo D.

O grupo C constitúe un grupo relativamente amplio que podemos cualificar de progresivamente ascendente ó comenzar en posiciones baixas e conseguir unha posición bastante parecida á do grupo D.

O grupo B, de mobilidade descendente é moi reducido no seu peso e os seus indicadores están máis próximos ó grupo A cós outros dous grupos.

Como se ve, son os membros do grupo A, aqueles con salarios e categorías laborais más baixos, e a todas luces subempregados, os primeiros dos que se desprenden as empresas no momento en que se produce unha situación económica desfavorable. É precisamente neste grupo onde é máis fácil que teñan lugar trajectorias de natureza caótica (Spilerman, 1977; García Blanco e Gutiérrez, 1996), ó non responder nin a unha vía estructurada de progreso nunha empresa —e de natureza máis local— nin a un proceso de adquisición de cualificacións transferibles e que faciliten a adquisición dunha identidade ocupacional cosmopolita. Neste caso, a experiencia adquirida, lonxe de constituír un factor que facilite o acceso a traballo s cualificados, termina converténdose nun obstáculo como consecuencia dos hábitos interiorizados, a propia autoimaxe do traballador e a escasa valoración que lle atribúen os empresarios (Herranz, 1992).

Por outra parte, considerando as ramas é a sanitaria a que obtén unha mellor posición tanto na primeira como na última situación de emprego. Pola contra, metal, automoción e administrativo e comercial teñen as peores posiciones. Os titulados das ramas manuais ocupan con máis frecuencia as categorías de peóns, mentres que as non-manuais fano en calidade de auxiliar administrativo ou de clínica.

Sen dúbida ningunha cada unha das titulacións está exposta a *contextos e entornos do mercado de traballo* moi diferentes non só dende o lado da demanda (tipo de organizacións, coñecementos e tecnoloxías aplicadas, culturas empresariais....) senón tamén dende o lado da oferta. En efecto, prodúcese unha competencia segmentada e peculiar en cada unha das ramas.

Neste sentido cómpre lembrar que os titulados da rama sanitaria (técnicos de laboratorio, radiodiagnóstico, anatomía patolóxica, radioterapia, protésico dental....) conseguiron un recoñecemento institucional, sendo unha habilitación necesaria para o desempeño dalgúns postos de traballo ben definidos na complexa organización profesional da sanidade pública, mentres que a situación dos que cursa-

ron outras ramas é moi diferente. Así, por exemplo, entre os que fixeron a rama de administrativo e comercial prodúcese unha forte competencia non só pola abundancia de titulados de FP neste terreo senón pola presencia de bacharelatos e tamén de universitarios sobre todo con titulacións nas áreas xurídico-económicas que, neste caso, poden desprazalos ben ante a imposibilidade de atopar un traballo máis afin, ben como un medio de entrada nunha institución con posibilidades de promoción interna¹¹.

En relación coas especialidades de natureza manual (electricidade e electrónica, metal, automoción...) moitos compiten nos postos de entrada con traballadores sen titulación específica (EXB, BUP e incluso FP1) e realizan traballos pouco afíns cos estudos, outros parecen ir abríndose camiño logrando o recoñecemento da súa identidade ocupacional fronte ós que carecen dunha orientación profesional definida. En lugar das vellas prácticas consistentes en contratar traballadores sen formación específica cualificándoos no taller, as empresas comezan preferir reclutar técnicos especialistas. Isto pódelles permitir reduci-lo custo da adaptación ó posto, lexitimar un proceso de asignación ou incluso dispoñer dunha reserva de cualificacións que lles permita unha maior capacidade de adaptación ós cambios. Nunha enquisa que se realizou sobre unha mostra das empresas que colocaran a algúun técnico especialista puidemos observar cómo, entre os que necesitaban persoal de producción cualificado, un 75% prefería contratar un FP2 e entre os que necesitaban persoal de mantemento un 80% prefirerían tamén un técnico especialista.

Estas diferencias no logro de cada unha das ramas reflíctense tamén nas diferencias salariais medias. Mientras que os que cursaron a rama sanitaria obteñen a mellor posición nas dúas situacións, os que fixeron a rama administrativa e comercial obteñen o salario medio máis baixo. Por iso utilizouse de base para a elaboración do índice das diferencias salariais medias. Como pode observarse na táboa 13, os que terminaron a rama sanitaria obtiveron un salario medio un 24% maior que o salario medio dos titulados da rama administrativa e comercial. Esta vantaxe redúcese a un 18% no último emprego. Entre as de natureza manual os que ocupan a peor situación en termos de salario medio son os de metal e automoción.

Considerando o peso que teñen as mulleres na categoría de auxiliares administrativos explícase que, tanto na primeira como na última situación de emprego, os homes gañen en torno a un 10% máis cás mulleres (gráfica 6).

Finalmente, tamén se aprecian dun modo moi nítido diferencias salariais se temos en conta os sectores económicos de referencia (táboa 14). É o sector de servicios periféricos de menos de 50 traballadores o que ofrece un salario medio máis baixo, manténdose estancado en termos reais da primeira á última situación. Tomando este sector como base 100, pode observarse que os empregados no sector


¹¹ Para unha análise de detalle sobre os procesos de desprazamento e desvalorización das titulacións no ámbito español, pode verse Carabaña (1996).

de servicios centrais de máis de 50 traballadores alcanzan un índice de 143 no primeiro emprego e de 137 no último. Os empregados en empresas industriais de máis de 50 traballadores gañaron tanto no primeiro como no último case un 30% máis có salario medio dos que se empregaron no sector de servicios periféricos de menos de 50 traballadores.

Táboa 13.- Índices das diferencias salariais (medias) segundo ramas (base 100 = salario primeira situación de emprego da rama administrativa e comercial)

	Situación en primeiro emprego	Situación en último emprego
Sanitaria	124,0	118,0
Resto	114,0	108,2
Electricidade e electrónica	113,0	111,7
Metal	112,0	108,1
Delineación	110,0	108,5
Automoción	106,5	108,8
Administrativo e com.	100,0	100,9

Gráfica 6.- Salarios medios na primeira e última situación de emprego, segundo xénero



Táboa 14.- Índices das diferencias salariais (medias) segundo sectores e con base no salario inicial máis baixo (sector servicios periféricos de menos de 50 traballadores = 100)

	Situación en primeiro emprego	Situación en último emprego
Agricultura e pesca	151	129
Industria > 50	129	129
Industria < 50	111	108
Construcción > 50	120	123
Construcción < 50	109	116
Serv. centrais > 50	143	137
Serv. centrais < 50	114	112
Serv. periféricos > 50	113	112
Serv. periféricos < 50	100	100

A MODO DE CONCLUSIÓN

Neste artigo púxose de relevo a presencia de moitas segmentacións e discontiñuidades na mobilidade de emprego e nas condicións de traballo dos técnicos especialistas de FP2. Estas segmentacións derivan tanto da heteroxeneidade dos individuos (xénero, rama) como da natureza dos postos e empresas nos que se empregaron e das regras formais e informais que inflúen nos procesos de asignación dos empregos e na configuración dos mercados de traballo.

Se, por un lado, a situación de emprego e de traballo varía segundo as ramas de estudio e o xénero, por outro, advírtense diferencias importantes na adecuación dos estudos ó traballo así como nas condicións de emprego e de traballo segundo sectores. Son os sectores dos servicios centrais os que ofrecen as mellores condicións contractuais, de categoría e salario. As situacións menos vantaxosas preséntanse no sector de servicios periféricos. Ademais, dada a diferente composición e natureza das actividades das diversas zonas non debe estraña-la presencia dun alto grao de dependencia, tanto do salario como da categoría e do contrato, do grao de urbanización do entorno. As zonas menos urbanizadas presentan non só uns índices máis baixos de empregabilidade senón tamén as taxas máis baixas de contratación fixa así coma as categorías e os ingresos máis baixos.

BIBLIOGRAFÍA

- BARON, J.N. (1984): "Organizational Perspectives on Stratification", en R. Turner [ed.]: *Annual Review of Sociology*, vol. 10. Palo Alto, CA: Annual Review Press.
- BERG, I. (1981): *Sociological Perspectives on Labor Markets*. UK: Academic Press.
- CARABAÑA, J. (1996): "¿Se devaluaron los títulos?", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, núm. 75.
- CASAL, J. (1996): "Modos emergentes de transición a la vida adulta en el umbral del siglo XXI: aproximación sucesiva, precariedad y desestructuración", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, núm. 75.
- COLLINS, R. (1989): *La sociedad credencialista. Sociología histórica de la educación y la estratificación*. Madrid: Akal.
- DE PABLO, A. (1997): "La nueva formación profesional: Dificultades de una construcción", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, núm. 77-78.
- DOERINGER, P.; PIORE, M. (1985): *Mercados internos de trabajo y análisis laboral*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- ESPING-ANDERSEN, G. (1990): *The Three Worlds of Capitalism*. Princeton: Princeton University Press.
- ENGUITA, M.F. (1990): *Educación, formación y empleo*. Madrid: Eudema.
- ENGUITA, M.F. (1998): *Economía y sociología. Para un análisis sociológico de la realidad económica*. Madrid: CIS.
- ESPEJO, I. (1998): *Recursos educativos e inserción laboral de los jóvenes*. Madrid: CIS.

- FREYSENNET, M. (1979): "¿Es posible una definición única de cualificación?", *Sociología del Trabajo*, núm. 2.
- GARCÍA BLANCO, J.M.; GUTIÉRREZ, R. (1996): "Inserción laboral y desigualdad en el mercado de trabajo: cuestiones teóricas", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, núm. 75.
- GRANOVETTER, M. (1974): *Getting a Job: A Study of Contacts and Careers*. Cambridge: Harvard University Press.
- GRANOVETTER, M. (1982): "The Strength of Weak Ties: A Network Theory Revisited", en P.V. Marsden e N. Lin: *Social Structure and Network Analysis*. Beverly Hills, CA: Sage Publications.
- HERRANZ, R. (1989): "New Forms of Work Organization in Spain", en P. Grootings, L. Hethy e B. Gustavsen [ed.]: *New Forms of Work Organization in Europe*. Oxford: Transaction Publisher.
- HERRANZ, R.; ÁLVAREZ BELLO, R.; BORJA, A.; GARMENDIA, M. (1992): *Inserción y búsqueda de empleo*. Madrid: CIDE.
- HERRANZ, R.; HOSS, D. (1995): "The Division of Labor between Center and Periphery in Industrial Networks", en W. Litteck e T. Charles [ed.]: *The New Division of Labor*. Nueva York / Berlín: De Gruyter.
- HOMS, O. (1991): "Cualificación y formación en las empresas españolas", en F. Miguélez e C. Prieto [ed.]: *Las relaciones laborales en España*. Madrid: Siglo XXI.
- KALLEBERG, A. (1983): "Work and Stratification: Structural Perspectives", *Work and Occupations Review*, núm. 10, pp. 251-259.
- MAURICE, M. E OUTROS (1989): *Política educativa y organización industrial*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- MARSDEN, D. (1994): *Mercados de trabajo: límites sociales de las nuevas teorías*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- MILLER, C.D.; FORM, W. (1969): *Sociología industrial*. Madrid: Rialp.
- OSTERMAN, P. (1983): "La estructura del mercado de trabajo de los hombres jóvenes", en M.J. Piore [ed.]: *Paro e inflación*. Madrid: Alianza Universidad.
- PÉREZ VILARIÑO, J. (1979): *Dependencia y discriminación escolar en Galicia*. Madrid: Akal.
- PÉREZ VILARIÑO, J. (1996): "Organización social e identidad colectiva", en VV.AA.: *Construir Europa en Galicia. Otra visión de Europa escrita desde Galicia*. Madrid: Fundación Encuentro.
- PÉREZ VILARIÑO, J.; HERRANZ, R.; PRADO, J. DE (1992): *Estudio dos itinerarios ocupacionais dos titulados de FP2 e necesidades do mercado laboral*. Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- PÉREZ VILARIÑO, J.; HERRANZ, R.; PRADO, J. DE (1993): *Itinerarios ocupacionais dos titulados de FP2*. Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- PIORE, M.J. [ed.] (1983): *Paro e inflación*. Madrid: Alianza Universidad.
- REGINI, M. (1996): "Different Responses to Common Demands: Firms, Institutions and Training in Europe", *European Sociological Review*, vol. 13, núm. 3. [Traducido e publicado neste número monográfico].
- REQUENA, F. (1991): *Redes sociales y mercado de trabajo. Elementos para una teoría del capital relacional*. Madrid: CIS.

- ROBERTS, M. (1984): *School Leavers and their Prospects*. Londres: Open University Press.
- SMELSER, N.J.; SWEDBERG, R. (1994): *The Handbook of Economic Sociology*. Princeton: Princeton University Press.
- SPILERMAN, S. (1977): "Careers, Labor Market Structure, and Socioeconomic Achievement", *American Journal of Sociology*, núm. 83, pp. 551-593.
- TOHARIA, L. ET AL. (1998): *El mercado de trabajo en España*. Madrid: McGraw-Hill.

